

OBRADOIRO DE CREACIÓN LITERARIA CEIP TERRA CHÁ

Representando a AELG: CARLOS VÁZQUEZ

Dezanove alumnos de 6º e 5º de Primaria do CEIP Terra Chá participan ao longo desta semana no obradoiro de Creación Literaria que organiza a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) en colaboración co devandito centro educativo e a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade da Vicepresidencia da Xunta.

Esquema de traballo

Todos os días principiamos coa lectura, afondando na idea de que para escribir ben hai que ler moito e saber interpretar o que se nos quere dicir no texto, así como a necesidade de corrixir. Do mesmo xeito, falamos doutras pautas para mellorar a escrita: buscar ideas e tratar de desenvolver unha historia interesante. Salientamos, por outra parte, aspectos como o da imprescindible observación a fin de poder contar mellor unha historia e fixemos fincapé na obriga de sentir aquilo que se escribe para trasladarllo aos lectores a fin de motivalos.

Logo da lectura dos contos publicados e dos creados por eles mesmos, ofrecínlles a miña opinión, salientando aqueles e aquilo que me pareceu máis meritario. Iso si, sempre despois de que eles mesmos valoraran e votaran o conto que máis lles gustou.

O tempo de ler

Os cativos leron un dos contos escollidos:

- *A caixa máxica*, de Teresa Sabaté e Carme solá sobre os Dereitos do Neno e da Nena.
- *Un día de caca e vaca*, de Fina Casalderrey
- *A bruxa que comía as palabras bonitas*, de Antonio Rodríguez Almodóvar

Dende o comezo todos os alumnos quixeron participar nas distintas propostas que lles suxerín, o cal non deixa de ser importante. Primeiro leron eles e despois eu na procura duns obxectivos que me parecen relevantes: a mellora da comprensión e a expresión oral. Aplicando as estratexias para facer máis rica e viva a escrita, cada alumno creou o seu propio conto, que tamén debeu ler en alto e diante dos seus compañeiros. Isto cumpría con varias funcións, todas elas decisivas, ao meu parecer, para unha correcta aprendizaxe.

Por xornadas

O **luns e martes** seguimos fielmente o esquema reproducido con anterioridade. O luns escribimos en terceira persoa e o martes centrámolo máis na primeira.

O **mércores** foi o día dedicado ao debate. **¿Vivir no campo ou na cidade?** Todos os alumnos tiñan argumentos de peso para defender as súas opinións sobre se preferían vivir no campo ou na cidade. Na imaxe Xacobe e Pablo (o primeiro a favor da vida na cidade e o segundo partidario das vantaxes de vivir no rural) principiaron un debate ao

que pouco a pouco se quixeron ir sumando todos os seus compañeiros. Dos dezanove alumnos, sómente tres optaron por vivir lonxe de onde o fan. A seguinte proposta foi que a partir diso crearan un conto onde amosaran a súa opinión e as personaxes defenderan os seus argumentos. Así o fixeron.

O xoves os cativos non só leron como todos os días un conto publicado, escribiron despois cadanseu un senón que recibiron unha visita moi especial: Alberto Geda.

Recén chegado de Frankfurt, onde fixo unha demostración en vivo, o zoqueiro de As Cernadas, Alfoz, explicoulles algúns dos asuntos relacionados co calzado primitivo de madeira de Galicia, Asturias, Cantabria e mesmo faloulles dunha peza xaponesa que acababa de adquirir para a súa colección privada. Geda conserva a tradición pero tamén é un innovador que gusta de participar en iniciativas diversas para deixar ver a utilidade das zocas e as ferramentas de zoqueiro. Un bo exemplo é a súa colaboración como zoqueiro para un espectáculo de danza ou unha pasarela de moda internacional.

A idea era que os alumnos de 5º e 6º de Primaria crearan un conto baseado nos oficios tradicionais e sobre todo na demostración que acababan de contemplar, un evento ao que se sumou con agrado todo o profesorado e os demais alumnos do colexio. Pero a falta de tempo impedíunolo, inda que lles suxerín que o escribiran e o leran cos seus profesores.

O remate

Ao igual có primeiro día, durante a última dedicamos uns minutos a falar da importancia de sentírmolos orgullosos de ser galegos e de contar cun idioma propio que debemos conservar, xa que é un patrimonio que non debemos estragar e debe transmitirse de xeración en xeración, de avós a fillos e netos.

Conclusións

Penso que a experiencia foi moi positiva para os alumnos xa que desta maneira puideron coñecer mellor os segredos da escrita, do mundo literario, aprenderon a valorar e empregar máis a súa propia lingua á hora de expresarse. Asemade, afondando no que xa lles ensinan acotío os seus profesores, foi unha oportunidade para desenvolver a través do mundo imaxinario valores que tamén se lles ofreceron como, entre outros, o dereito á igualdade, o respecto e compañeirismo.